

# Amador Castro Moure, «Shanghai a Barcelona»

Manrique Fernández - 17/11/2019




Cando unha novela vén avalada polo premio Xerais merece, cando menos, prestarlle unha mínima atención. Neste caso, a proposta narrativa de Amador Castro Moure que se fixo con tal galardón este mesmo ano é unha novela ben peculiar e moi traballada, arriscada no seu prantexamento e resolta con gran habilidade. Por iso, de seguro, será quen de enganchar aos afeccionados ás letras dende o primeiro momento.

A historia está escrita en primeira persoa, malia que isto merece deternos por un intre sobre tal cuestión. Temos tres escenarios diferentes sobre os que se desenvolve o relato (Barcelona, a aldea de Trasmundi e o mítico tren Shanghai que durante tantos anos uniu Cataluña e Galicia), que se van alternando entre si, presentando desta maneira tres facianas diferentes da historia que se complementan entre si. E cada un destes escenarios conta co seu propio narrador. Pero dous deles son, en realidade, unha especie de desdobramentos psicolóxicos do protagonista: unha Voz e unha Sombra coas que dialoga e coas que lembra tempos pasados. Logo, e a pesar desta presentación tripartita, estamos en realidade diante dun único narrador 'a tres voces'.

Tal peculiaridade podería levarnos a pensar, non sen fundamento, nunha 'novela psicolóxica', pero a verdade é que non responde aos cánones tradicionais deste xénero e brinca entre varios conceptos que van dende o relato rural ata a novela negra, pasando polos libros de viaxes, o monólogo interior, a inmigración ou o relato urbanita, entre outros. Deste xeito confronta conceptos (rural-urbano), ou mira con outros ollos o abandono das nosas aldeas e mesmo a procura de futuro alén das nosas fronteiras. Todo iso está aí, ao longo desta novela, pero ao meu entender, esas cuestión non deixan de ser as roupaxes coas que revestir o relato e o fondo está máis aló de todos eses elementos.

Coido que unha das cuestións máis interesantes desta novela é o seu protagonista, un tal Orlando, furioso e desencantado co mundo e consigo mesmo, desgarrado por un pasado do que prefiro non dar pistas, e que loita (a través de Voz e Sombra) cun xeito de entender o mundo que vai evolucionando ao longo da narración. Unha dosificación ben medida de pistas é quen de manter a intriga no lector e de arrastralo ao longo das súas páxinas. E non podo deixar de destacar que quedarán para sempre na miña memoria capítulos tan vibrantes e estareedores como aquel no que rememora unha partida de cartas hipnotizadora, ou o da liorta de tractores-cabalo (teredes que lelo para comprender o que digo) que camiña polo gume da irrealidade mantendo sempre un equilibrio perfecto.

Se a todo isto lle engadimos unha linguaxe clara e ben medida, dosificada (outravolta) en frases curtas e contundentes, mesmo reiterativas para fixar algúns conceptos, e unha pulcritude expresiva encomiable, poderemos entender que o resultado é un deses traballos aos que sabemos que volveremos antes ou despois. E iso, creo eu, é moito dicir...



## **Amador Castro Moure**

*Shanghai a Barcelona*

Xerais

200 páxinas

---

### **Manrique Fernández**

[O Meu Andel](#)

